



Rocío Cochón Castro, con DNI número 76827048X, actuando como secretaria accidental da Asociación GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA, inscrita co número 2009/013009-1 no Rexistro de Asociacións Provincial de Pontevedra, con NIF G-36593606 e domicilio social no edificio do Concello de Marín, Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra), en virtude das competencias que a secretaria ten atribuídas no artigo 20 dos Estatutos da mesma,

CERTIFICO:

1. A relación de asistentes á Xunta Directiva que se xunta neste documento, a solicitude da Consellería do Mar, co obxecto de dar conta do cumprimento das esixencias de quórum para a celebración da Xunta Directiva do día 9 de abril de 2026.
2. Que na reunión da Xunta Directiva celebrada o día 9 de abril de 2026 con quórum dabondo, en segunda convocatoria, en base aos estatutos, no **punto 3** da orde do día relativo a **“Exposición e proposta de aprobación de proxectos presentados á convocatoria de axudas de 2026: Decisións previas – modificación dos importes dos obxectivos da EDLP se se considera convinte e declaracións de ausencia de conflito de interese”**, tomáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- A xerente expón as necesidades de financiamento para atender as solicitudes presentadas e a posibilidade que establece a normativa de realizar cambios de orzamento entre os obxectivos da EDLP de ata o 15 % do seu importe, previa comunicación á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Con esta motivación propóñense os seguintes axustes:

- Trasladar o remanente do Obxectivo 3 4 e 5 - cantidades inferiores ao 15 % de cada un deles, logo de atender as solicitudes de este ano – ao obxectivo 1.
- Trasladar o 15 % do obxectivo 6 (cooperación) ao obxectivo 1 de aumento de valor no sector pesqueiro co obxecto de dotar de fondos ás propostas actuais e futuras do sector pesqueiro.

O. ESTRATÉXICO	EDLP	MINORACIÓN	OBXECTIVO DESTINO	ACHEGA	EDLP MODIFICADA	
1 1. Mellora da competitividade e posta en valor da actividade pesqueira, marisqueira e acuicultura.	2.019.416,22 €			140.874,24 €	2.160.290,46 €	7%
2 2. Fomento da economía azul.	1.130.873,08 €				1.130.873,08 €	0%
3 3. Promoción do patrimonio medioambiental.	695.576,70 €	98.737,10 €	1		596.839,60 €	-14%
4 4. Fomento do patrimonio cultural e do benestar.	359.007,33 €	8.245,19 €	1		350.762,14 €	-2%
5 5. Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local.	107.702,20 €	7.639,53 €	1		100.062,67 €	-7%
6 COOPERACIÓN	175.016,07 €	26.252,41 €	1		148.763,66 €	-15%
	4.487.591,60 €			140.874,24 €	4.487.591,60 €	

Táboa 1: Modificación EDLP.

As cantidades resultantes destes cambios recóllense na Táboa 1 que se xunta.



Tralo debate da proposta apróbase por unanimidade. Autorízase a presidenta a facer os axustes que se precisen en caso de atoparse algunha discrepancia cos importes de referencia.
Darase traslado desta proposta á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Segundo.- Todos os membros presentes da Xunta Directiva asinaron antes do comezo da avaliación dos proxectos a declaración de ausencia de conflito de intereses. Naqueles casos nos que se manifestou a existencia de conflito de intereses con algún proxecto de esta convocatoria, advírteselles que deberán ausentarse da sala no momento da avaliación destes proxectos.

3. Que no **punto 4** da orde do día relativo a **“Elaboración da proposta provisional de aprobación de proxectos da partida orzamentaria 16.03.723C.770.0 (empresas)”**, tomáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- Logo da exposición da xerente das solicitudes presentadas dase conta da proposta de aprobación e desestimación de proxectos que se xunta como anexo.

Esta proposta é o resultado do traballo realizado polo Equipo Antena do GALP Ría de Pontevedra constituído pola xerencia do GALP así como os axentes de emprego ou técnicos municipais dos Concellos que forman parte do GALP.

Exponse que concorreron a esta convocatoria un total de 15 proxectos na partida 770 correspondente a empresas e autónomos.

Deles, un solicitante presentou a súa renuncia:

- Na data do 26/03 o proxecto presentado por Brisa Inversións (PE155A – 2026 – 00215).

Producíronse dúas desistencias por non presentar a documentación complementaria solicitada. Son os expedientes:

- PE155A – 2026 – 00087 promovido por German Iglesias del Río
- PE155A – 2026 – 00153 promovido por Iniciativas Turísticas de Ons SA.

Por outra banda, propónse a denegación dos seguintes proxectos desta medida:

- PE155A – 2026 – 00120 promovido por Museo do Mar de Combarro S. L. por non acreditar a dispoñibilidade do local.
- PE155A – 2026 – 00187 promovido por Ingeniería de movilidad motu propio S.L. por non ser considerado viable.

Segundo.- A xerencia expón as avaliacións realizadas que se recollen na Táboa – Avaliacións que se anexa á acta e da que resulta a seguinte relación ordenada por prioridade dos proxectos das diferentes partidas así como se da conta de axustes orzamentarios en diferentes proxectos.





N.º Expediente	Tipo Proxecto I/C	Solicitante/s	NIF	Denominación proxecto	Puntos
PE155A-2026-00090	I	XOSE XULIAN FERRADAS VILAS	53110808J	Burbullas na Ría de Pontevedra	165,00
PE155A-2026-00124	I	SAURO MARTINEZ DURAN	35324930N	PESCA-TURISMO PLAYA DE SANXENXO	160,00
PE155A-2026-00079	I	COVA BUEU S.L	B94093671	Modernización de procesos y mejora de la eficiencia energética y valor añadido	160,00
PE155A-2026-00182	I	FRIOANTARTIC, S.A	A36526697	Mejora de seguridad, eficiencia energética y digitalización de procesos	150,00
PE155A-2026-00104	I	MAJEJA MARISCOS SOCIEDAD LIMITADA	B01778174	MEJORA DE SEGURIDAD E HIGIENE Y EFICIENCIA ENERGETICA	140,00
PE155A-2026-00161	I	FRIGORIFICOS ROSA DE LOS VIENTOS SL	B36219541	EFICIENCIA Y PROFESIONALIZACIÓN DE LA EMPRESA FAMILIAR.	140,00
PE155A-2026-00021	I	SAFRICOPE SA	A36004836	IMPLANTACION DOS SISTEMAS DE XESTION DE CALIDAD ISO 9001, MEDIOAMBIENTE ISO 14001	120,00
PE155A-2026-00065	I	PEIXOTO ALIMENTACION SL	B87012449	NUEVA LÍNEA PARA ELABORACIÓN DE CALAMAR	120,00
PE155A-2026-00127	I	JAVIOTA ONS SOCIEDAD LIMITADA	B26672642	ESTABLECEMENTO TURISMO E CULTURAL JAVIOTA	100,00

Terceiro.- Os casos de empate se resollen coa puntuación da coherencia dos proxectos coa EDLP segundo a ferramenta de avaliación subministrada pola Consellería do Mar.





Cuarto.- Unha vez revisados os proxectos e logo das aclaracións pertinentes, a Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra aproba por unanimidade a proposta do equipo técnico.

4. Que no **punto 5** da orde do día relativo a **“Elaboración da proposta provisional de aprobación de proxectos da partida orzamentaria 16.03.723C.780.0 (entidades non lucrativas)”**, tomáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- Exponse que concorreron a esta convocatoria un total de 13 proxectos na partida 780 correspondente a confrarías e entidades sen ánimo de lucro.

Deles, un solicitante presentou a súa renuncia:

- Na data do 24/02 o proxecto do CDD Sanxenxo (PE155A – 2026 – 00039).

E outro foi inadmitido por non presentar a documentación mínima Club Náutico de Raxó (PE155A – 2026 – 00202).

Por outra banda, propónse a denegación dos seguintes proxectos desta medida:

- PE155A-2026-00168, promovido por Club Náutico de Portonovo por contar con informe negativo da arquitecta (falta de viabilidade técnica).
- PE155A-2026-00190, promovido por Asociación para el Desarrollo Educativo y cultural (ADEC) por contar con informe negativo da viabilidade.

Segundo.- A xerencia expón as avaliacións realizadas que se recollen na Táboa – Avaliacións que se anexa á acta e da que resulta a seguinte relación ordenada por prioridade dos proxectos das diferentes partidas así como se da conta de axustes orzamentarios en diferentes proxectos.

PARTIDA 780: ENTIDADES NON LUCRATIVAS

N.º Expediente	Tipo Proxecto I/C	Solicitante/s	NIF	Denominación proxecto	Puntos
PE155A-2026-00102	I	AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO	G36307247	ESCOLA DE NAVEGACIÓN TRADICIONAL DE PORTONOVO	135,00
PE155A-2026-00059	I	LONXA DE CAMPELO AIE	V36362879	SISTEMA INTEGRADO SEMENTEIRA - DESEÑO, CONSTRUCCIÓN E PROBAS	130,00





N.º Expediente	Tipo Proxecto I/C	Solicitante/s	NIF	Denominación proxecto	Puntos
PE155A-2026-00023	I	COFRADIA PESCADORES DE LOURIZAN	G36015253	ENERXÍA RENOVABLE NO MAR DE LOURIZÁN	120,00
PE155A-2026-00225	I	PIRAGUISMO PORTONOVO	G36397669	OLLADAS MARIÑEIRAS	120,00
PE155A-2026-00222	I	IMUA PADDLE SURF CLUB AGUETE	G09723636	Avanza III	120,00
PE155A-2026-00130	I	CLUB DE REMO RIA DE MARIN	G36049724	O remo como patrimonio vivo e ferramenta de inclusión social na ría de Pontevedra	120,00
PE155A-2026-00219	I	ASOC DE FAMILIARES DE PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DO MORRAZO - AFAMO	G36368488	A Música nos oficios e labours do noso Mar	120,00
PE155A-2026-00165	I	REAL CLUB NAUTICO DE SANXENXO	G36027621	RCNS MEJORA EFICIENCIA ENERGÉTICA	105,00
PE155A-2026-00012	I	CLUB PIRAGÜISMO POIO	G36250991	BARCO DRAGÓN: REMANDO XUNTAS POLA SAÚDE. O MAR E A COHESIÓN SOCIAL	90,00

Terceiro.- Unha vez revisados os proxectos e logo das aclaracións pertinentes, a Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra aproba por unanimidade a proposta do equipo técnico.

5. Que no **punto 6** da orde do día relativo a “ **Elaboración da proposta provisional de aprobación de proxectos da partida orzamentaria 16.03.723C.760.0 (Concellos)**”, tomáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- Exponse que concorreron a esta convocatoria un total de 6 proxectos na partida 760 correspondente a concellos, pasando todos eles a fase de avaliación e proposta.





Segundo.- A xerencia expón as avaliacións realizadas que se recollen na Táboa – Avaliacións que se anexa á acta e da que resulta a seguinte relación ordenada por prioridade dos proxectos das diferentes partidas así como se da conta de axustes orzamentarios en diferentes proxectos.

PARTIDA 760: CONCELLOS

N.º Expediente	Tipo Proxecto I/C	Solicitante/s	NIF	Denominación proxecto	Puntos
PE155A-2026-00044	I	AYUNTAMIENTO DE PONTEVEDRA	P3603800H	O MERCADO CO BO PRODUTO	120,00
PE155A-2026-00022	I	CONCELLO DE MEAÑO	P3602700A	PROMOCION DOS PRODUCTOS DO MAR E DA CULTURA MARIÑEIRA DURANTE A FESTA DO VIÑO	120,00
PE155A-2026-00129	I	Concello de Poio	P3604100B	EQUIPAMENTO E MATERIAL DIVULGATIVO SOBRE A ACTIVIDADE DO MARISQUEO	120,00
PE155A-2026-00133	i	AYUNTAMIENTO DE MARIN	P3602600C	MÓDULOS SOCORRISTAS E SANITARIOS ACCESIBLES	110,00
PE155A-2026-00007	I	Concello de Poio	P3604100B	OFICINA DE TURISMO EN COMBARRO - ESPAZO DE RECEPCIÓN TURÍSTICA MÓBIL E DESMONTABLE	100,00
PE155A-2026-00112	I	CONCELLO DE SANXENXO	P3605100A	RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR E MELLORA DE ACCESO PEONIL NA PRAIA DE MONTALVO	95,00

Terceiro.- Unha vez revisados os proxectos e logo das aclaracións pertinentes, a Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra aproba por unanimidade a proposta do equipo técnico.

Cuarto. – Para a asignación de crédito entre as diferentes partidas naqueles casos nos que se esgota o importe dispoñible dos obxectivos da EDLP aplicarase o criterio de puntuación en primeiro lugar e coherencia en segundo.





Durante a exposición e avaliación dos proxectos pola Xunta Directiva, non participan aquelas persoas que manifestaron algún tipo de conflito de interese sobre algún/s dos proxectos presentados.

A proposta relativa aos puntos 4 5 e 6 da orde do día, recóllese no seguinte anexos:

- Anexo I: Proposta DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE AXUDAS

6. Que no **punto 7** da orde do día relativo a “ **Elaboración da proposta provisional de denegación de proxectos**”, dáse o visto e praxe a relación de proxectos desestimados que responde aos acordos anteriores.

A proposta recóllese no seguinte anexo:

- Anexo II: Proposta de resolución provisional de desestimación de axudas.

7. Que no **punto 8** da orde do día relativo a “ Publicidade da proposta provisional e prazo de alegacións”, adóptanse os seguintes acordos.

Primeiro.- Acórdase que se proceda á publicación de esta proposta no taboleiro de anuncios do GALP Ría de Pontevedra e na páxina web galp.xunta.gal coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

Outorgase un prazo de dez días hábiles para a presentación de alegacións a esta proposta dende a data da súa publicación.

Pasado este prazo, se non se reciben alegacións a esta resolución, acórdase que esta proposta pase a definitiva. Esta proposta definitiva, publicarase tamén na páxina web galp.xunta.gal, no taboleiro de anuncios do GALP Ría de Pontevedra – coa mesma advertencia de que non xera ningún dereito a favor dos solicitantes propostos - e enviarase a Consellería do Mar.

En caso de recibirse alegacións, acórdase que a Xunta Directiva reunirse novamente o día 24 do abril para darlles resposta e a elaboración da proposta definitiva de aprobación e desestimación de proxectos presentados ao abeiro da EDLP nesta convocatoria do ano 2026.

E para que así conste, expido esta certificación co Visto e praxe da presidenta do GALP Ría de Pontevedra, en Marín a 9 de Abril de 2026.

Asdo.: Rocío Cochón Castro
Secretaria accidental do GALP Ría de Pontevedra

Visto e praxe,

Asdo.: María del Carmen Vázquez Nores
Presidenta do GALP Ría de Pontevedra

